

3º Educación primaria

Día das letras galegas 2020

ACTIVIDADES
EDUCACIÓN PRIMARIA

AS PITAS BAIXO A CHOIVA

AGORA

3º

SEMINARIOS RICARDO CARVALHO CALERO
LETRAS GALEGAS 2020

RICARDO CARVALHO CALERO 3º EP

Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol (A Coruña), o 30 de outubro de 1910. Era o maior dos seis fillos que tiveron M.ª Dolores e Gabriel Ricardo, os seus pais.

Ricardo realizou os seus primeiros estudos nunha escola da rúa Magdalena e noutra dirixida polo escritor Manuel Comellas, as dúas de Ferrol. Fixo o bacharelato por libre e os estudos universitarios en Compostela.

Foi membro do Seminario de Estudos Galegos, onde coincidiu con Castelao, Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas...

Colaborou en moitas revistas galegas: *A Nosa Terra, Nós, Guión, Galiza, Resol, Universitarios, Papel de Color...* e é autor de libros de investigación sobre a nosa literatura e o noso idioma.

En 1965 incorporouse ao Instituto Rosalía de Castro de Santiago e posteriormente á universidade compostelá, da que foi o seu primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galega.

Defendeu a postura de que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa.

É autor de *Gramática elemental del gallego común* e de obras de teatro, poesía e novela.

Ingresou na Real Academia Galega (RAG) o 17 de maio de 1958 e o seu discurso tratou sobre Rosalía de Castro.

Pola súa defensa do idioma galego e da nosa cultura, a RAG dedícalle este ano o Día das Letras Galegas.

RICARDO CARVALHO CALERO



EN 1971, GALAXIA PUBLICOU *SOBRE A NOSA LINGUA E LITERATURA*, UN DOS MOITOS TRABALLOS DE RICARDO CARVALHO .

ACTIVIDADES BIOGRAFÍA CARVALHO CALERO
3º EDUCACIÓN PRIMARIA

1.- Atopa na sopa de letras os seguintes nomes propios que aparecen na biografía do autor.

ROSALÍA
GALIZA
CASTELAO
RICARDO
DOLORES
RISCO

E	R	G	T	G	L	E	C	P
G	R	O	S	A	L	I	A	A
L	I	C	A	L	A	U	S	L
U	S	L	X	I	S	N	T	H
T	C	C	B	Z	T	R	E	F
R	O	Ñ	A	A	E	U	L	E
D	O	L	O	R	E	S	A	S
G	R	I	C	A	R	D	O	O

2.- Forma a frase correcta sobre Ricardo Carvalho coloreando un recadro de cada columna.

Nace en Ferrol	**o 24 de outubro**	**de 1915**
Nace en Pontevedra	**o 30 de outubro**	**de 2010**
Nace en Ourense	**o 30 de novembro**	**de 1944**
Nace en Lugo	**o 21 de abril**	**de 1954**
Nace en Monforte	**o 10 de xaneiro**	**de 1910**

3.- Ordena cronoloxicamente os acontecementos na vida de Ricardo Carvalho Calero.

Incorporouse ao Instituto Rosalía de Castro.

Realizou os seus primeiros estudos en dúas escolas de Ferrol.

Ingresou na Real Academia Galega.

Fixo os estudos universitarios en Compostela.

Naceu en Ferrol o 30 de outubro de 1910.

Fixo por libre o bacharelato.

Dedícanlle o Día das Letras Galegas 2020.

4.- Calculamos? Ricardo Carvalho Calero naceu no ano 1910 e ingresou na Real Academia Galega en 1958. Cantos anos tiña nesa data?

Monumento a Ricardo Carvalho en Santiago. Autor: José Molares.

5.- O discurso de ingreso de Ricardo Carvalho na Real Academia Galega tratou sobre Rosalía de Castro, autora dun poema moi coñecido. Risca as letras pares de cada palabra e compón coas restantes a primeira estrofa dese poema.

ARDUIPÓRS RTÍMOAS ACDFIBÓNS FIOZNLTSEUS

ANDTISÓES RIESGRANTEONS PRECQIUMETNAONS

ANDRICÓNS VOINSETRA DIONS MIENURS ONLILROIS

NAOSN SAELI CRASNODIO NEORS VRETRIENMEONS

Casa da Matanza, en Padrón (A Coruña), onde Rosalía de Castro viviu os últimos anos da súa vida.

AS PITAS BAIXO A CHOIVA

Un refacho de vento, de súpeto, conmoveu o ar. E unha nube moura esvarou polo ceo. Laiáronse as árbores docemente, e axiña se velou o sol. A bóveda azul fíxose gris e fría. E a chuvia comezou a caer.

Era unha chuvia de verán, torrencial, esmagadora. A terra seca bebeu arelosamente as primeiras augas. Logo, enchente, rexeitou beber máis. Charcos e miúdos regueiros xurdiron entre a lama. Alampou un lóstrego. Como se un carro de patacas emborcase a súa carga, a rolar, polo teito do ceo, o trebón retumbou.

RICARDO CARVALHO CALERO

AS PITAS BAIXO A CHOIVA

1.- Escribe unha pregunta relacionada co texto para cada unha destas respostas.

1 _____ - Unha nube moura.

2 _____ - Gris e fría.

3 _____ - As primeiras augas.

2.- Falando de auga. Xa sabes que a auga é un ben escaso hoxe. Como podemos facer para reutilizar a auga ou para evitar un gasto excesivo? Escribe tres medidas.

_____

_____

_____

3.- Pensas que hai profesións só para mulleres e profesións só para homes? Por que?

_____

_____

4.- Atopa as palabras relacionadas co tempo atmosférico.

REFACHO
VENTO
CHUVIA
LÓSTREGO
SOL
TREBÓN

L	X	C	Z	B	L	M	H	N
O	Z	X	T	R	E	B	O	N
S	L	H	N	G	C	B	M	C
T	V	C	X	Z	L	S	H	H
R	E	F	A	C	H	O	Z	U
E	N	X	B	Z	N	L	C	V
G	T	Z	M	C	H	X	L	I
O	O	C	X	B	M	Z	N	A

5.- Arrodea o símbolo dos nomes dos fenómenos atmosféricos que se nomean no texto.



6.- Resolve o encrucillado con palabras que aparecen no texto.



HORIZONTAIS

1.- Como era a nube?
2.- Como estaba a terra?
3.- Que levaba o carro?
4.- De que cor se fixo a bóveda azul?
5.- Como era a chuvia de verán?
6.- Que foi o que conmoveu o aire?
7.- Que alampou cando comezou a chover?

1.- MOURA 2.- SECA 3.- PATACAS 4.- GRIS 5.- TORRENCIAL 6.- REFACHO 7.-LÓSTREGO

7.- Resolve estes dous xeroglíficos relacionados co clima e coa contaminación.



trebоada



polución

8.- Le de novo o texto de *As pitas baixo a choiva* e localiza palabras con acento que sexan...

AGUDAS

ESDRÚXULAS

GRAVES

AGORA

Case non fican soportais. Hai moitas casas de cemento. Axiña que chove un pouco, líxanse de tal xeito que son laidas de ver. Clara vive nunha casa das vellas, cun balcón e dous miradoiros, aos que aquí se lles chama costureiros, porque son axeitados para que as donas se senten neles a coser. Mais agora as mulleres cosen pouco. A casa de Clara está no barrio leste da cidade, no extremo oposto daquel en que nacín. Cando saio, algunhas xentes fálanme.

RICARDO CARVALHO CALERO

ACTIVIDADES 3º ED. PRIMARIA
AGORA

1.- De que material son moitas casas?

_____

2.- Que profesión é a que se cita no texto?

_____

3.- Como é a casa de Clara?

_____

4.- Onde está a casa de Clara?

_____

5.- Que lle pasa ao autor cando sae?

_____

6.- Saberías explicar o que son os soportais?

_____

7.- E un miradoiro, que é un miradoiro?

_____

8.- Como se lles chama na terra de Clara aos miradoiros?

_____



9.- Que utilidade teñen estes tipos de construcións galegas? Une.

HÓRREO	*Construción onde viven as pombas domésticas.*
MUÍÑO DE AUGA	*Vivenda de planta oval ou redonda, que está feita de pedra e cuberta de palla.*
PALLOZA	*Construción feita sobre columnas que se utiliza para gardar, xeralmente, o millo.*
POMBAL	*Construción consistente nun muro circular, onde se gardan as colmeas.*
ALVARIZA	*Edificio onde hai aparellos para moer que se moven pola forza da auga.*

10.- Debuxa como imaxinas a casa de Clara.

11.- Asocia as letras e escribe o nome de cada unha das partes da casa no lugar que lle corresponde.

CHEMINEA	TELLADO	CORTE	GALERÍA	PORTA
FIESTRA	COCIÑA	FORNO	ESCALEIRA	SOBRADO

A
B
C
D
E
F
G
H
I
L

12.- Localiza os tipos de construcións que aparecen no recadro.

I	X	Z	T	I	P	I	C	P
G	N	V	H	M	C	B	L	A
L	G	C	A	B	A	N	A	L
U	M	L	X	C	S	N	Z	A
Z	P	C	B	V	T	X	G	F
R	A	Ñ	A	C	E	O	S	I
F	Z	X	Z	B	L	M	C	T
V	O	N	H	D	O	L	X	O

RAÑACEOS
IGLÚ
PAZO
CASTELO
CABANA
PALAFITO
TIPI



13.- A casa de Clara está nun barrio ao leste da cidade. Lembras cales son os catro puntos cardinais? Serás quen de colocar cada un deles onde lle corresponde?

NORTE SUR LESTE OESTE NOROESTE SURESTE SUROESTE NORESTE



14.- Clara é o nome da protagonista deste texto. Pensa, no menor tempo posible, en nomes de nenas e nenos en galego e que comecen por...

P _____ _____ **NENOS**

R _____ _____ **NENOS**

P _____ _____ **NENAS**

R _____ _____ **NENAS**

15.- Un barrio é unha zona habitada dentro da cidade. Pero hai outras formas de dividir os territorios. Serías quen de ordenar as seguintes poboacións de menor a maior?

PARROQUIA CONCELLO CONTINENTE PAÍS
PROVINCIA COMUNIDADE AUTÓNOMA

1		**2**	
3		**4**	
5		**6**	

16.- As construcións cambiaron moito ao longo do tempo. Pescuda, contando de 8 en 8, como eran estas vivendas en Galicia hai moitos anos.



17.- Clara di que naceu no barrio oposto ao que agora vive. Cruza este labirinto e axuda a Clara a chegar ao seu antigo barrio.